

# ALPS

Yorgos Lanthimos, 2011

# 1241

ESTREA EN NUMAX: 15.02.2024 | V.O.S.E. | +16 | 89 min

Unha enfermeira que traballa polas noites nun hospital ocúpase de atender as necesidades das familias que perderon os seus seres queridos. Fai parte dun grupo chamado Alps, cuxos membros ofrecen, a cambio de diñeiro, reemprazar os mortos na vida diaria desas familias.

«Se buscas emocións non codificadas, "Alps" é a túa película»

Salvador Llopart, LA VANGUARDIA



## Albiscando o final do túnel

Por Julio Mogollón

Parece paradoxal que en pleno momento de recesión, e máis aínda, trasladándonos ao seu mesmo epicentro, esteamos a falar dun novo rexurdimento de ideas e de estilo, dunha amálgama de temas e autores que son moi probablemente produto do decaimiento económico, moral e político a que a sociedade grega está a verse avocada. Tan paradoxal como o feito de que, a pesar do baixo orzamento co que conta o cinema grego, e a escasa rendibilidade deste nestes tempos que corren, se avogue por defender un cinema que a ollos de crítica e público provoca estrañeza e desconcerto a partes iguais.

Froito desta denominada nova onda do cinema grego é *Alps*, de Yorgos Lanthimos, outra reviravolta aos patróns do cinema europeo, inclusive aos mesmos do cinema heleno. O autor de *Canino* (2009) desmárcase desa longa e irrepitible sombra deixada por Theo Angelopoulos ou Costantin Costa-Gavras. Con todo, herda (dalgún modo) do primeiro certas características no que a estilo narrativo atinxe. Tanto Lanthimos como Angelopoulos fan un uso particular do silencio nas súas películas. É, para eles, o verdadeiro motor do relato. De ambos, o autor de *Alps* toma prestado a intencionalidade de destapar a crueza e a descomposición dunha sociedade que insiste en atopar a súa identidade. Non é casualidade por tanto que descubramos en *Alps* unha fita colmada de ocos, sen carga existencial, de soidade, de frialdade.

Os personaxes desta fita parecen sacados do mesmo teatro do absurdo de Luigi Pirandello, desa aparentemente ilóxica comedia que sorprende por representar a escena dentro da escena, o metateatro. Este equipo de empresarios e a súa “compañía” de substitución de defuntos están a representar continuamente un ensaio dunha obra inicial, dun personaxe real que pasou a mellor vida. Quizá o asinante de *Alps* (sempre acompañado polo seu habitual colaborador no script Efthymis Filippou), tamén director de teatro, viuse influído por esa magna obra dramática do século XX, Seis personaxes en busca de autor, no que personaxes e actores se ven envolvidos nunha situación conflitiva cando estes últimos se negan a interpretar os sentimentos dos primeiros, senón que o adaptan á súa persoa. Chega na película de Lanthimos o momento no que ignora se o que ves é parte do automatizado guión, xa escrito, xa mastigado, ou se eles mesmos improvisan no escenario fílmico.

Así os membros de *Alps* non tentan emular á perfección as almas dos defuntos, pero si captar reminiscencias de vidas pasadas para acougar dalgunha forma a aflición da clientela. Tanto o club *Alps* como os seus clientes aceptan unhas regras de xogo, uns roles que, non só polo desatinado da proposta, senón tamén pola inmiscusión gradual destes nas vidas dos usuarios, fan desta obra teatral “sobre a marcha” unha representación necesaria a ollos de todos. Estes terapeutas xogan a formar parte dunha vida allea, e en certa maneira, supón un renacemento vital para eles. E este renacemento é mutuo xa que, de forma inesperada, asistimos a unha “prestación” por ambas partes. O personaxe a quen Aggeliki Papoulia dá vida maxistralmente asegura aos seus clientes que hai outra vida despois da morte. Polo tanto, podería referirse tanto aos mesmos familiares que pagan por “recobrar” indicios de vidas pasadas como a nós os seus espectadores “alén do espello”, empuxándonos así a un certo optimismo que se albisca ao final do túnel no que, parece ser, permanecemos atrapados.